

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaoto de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DE LA CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto; e a Xefa da Asesoría Xurídica, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, o Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, dona Manuel Louzao Aldariz, para informar de asuntos da súa competencia. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 11 de febreiro de 2009.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase conceder a licenza de instalación da actividade de compra venda de vehículos, na avenida Marqués de Ombreiro, número 128 baixo e entresollado.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para modificación de obras de instalación dun ascensor, con licenza número 1.259/07, consistentes na ampliación dunha parada con acceso dende a planta baixo cuberta destinada a rochos, no edificio sito na rúa Ourense, número 5; para reforma da instalación de calefacción e A.C.S. en dúas vivendas unifamiliares en construción coas licenzas números 1.184/07 e 557/08, sitas na rúa Acea de Olga, número 77, parcelas 10.d.5.b e 10.d.5.b.2, do polígono de Acea de Olga; para instalación de ascensor nos edificios con licenzas números 165/71 e 198/74, sitos na rúa Río Ser número 18 e número 20, con disposición

dun único núcleo de escaleiras para os dous edificios; e para construción de soto tres e dous para garaxes e rochos, soto primeiro para instalacións, garaxe e rochos e planta baixa para portais de acceso a futuras plantas altas e acceso a sotos, como prolongación das existentes no edificio con licenzas números 490/07, 954/08 e 28/09 sito na rúa Dinán, números 21 e 23.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase aprobar a modificación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en queda libre, así como modificación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en queda de consolidación de emprego temporal.

Acordase adiar a autorización para a realización de servizos extraordinarios no Centro do Sagrado Corazón, por persoal adscrito a Servizos Sociais.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar a revisión anual para a actualización dos prezos do servizo de asistencia para os funcionarios integrados e outros do Concello de Lugo dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2009.

ÁREA DE ALCALDÍA

5. ACTAS E GOBERNO.- A Xunta de goberno Local quedou informada da proposición normativa do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego que contén un proxecto de Regulamento orgánico de participación cidadá.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- A comunicación ós alegantes do resultado do pronunciamento do Pleno da Corporación sobre a resolución das alegacións formuladas ó proxecto de Plan xeral de ordenación municipal.

ACTAS E GOBERNO

LRP/mbfc

Refª: 09extractoxg08.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-2-2009

- A execución da sentenza nº 10 do Xulgado do Social nº 2 de Lugo, ditada nos autos nº 934/08.

- Aprobar a modificación do acordo 16/1140 da Xunta de Goberno Local relativo á adxudicación provisional da contratación de quince prazas para atención de persoas maiores dependentes en réxime de atención diúrna.

- Tomar razón da proposta de liquidación provisional das obrigas contractuais no convenio para a adxudicación do concurso público, en réxime de concesión administrativa de dominio público, da redacción do proxecto de construción e explotación dun espazo multifuncional de ocio, comercial e de servizos no parque da Milagrosa.

Lugo, 19 de febreiro de 2009

A CONCELLEIRA-SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: María del Carmen Basadre Vázquez